



Concello de Mugardos
(A Coruña)

10/2021. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 28 DE XULLO DE 2021.

Sendo as nove horas e sete minutos do día 28 de xullo do ano dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, celebrándose a mesma de xeito telemático debido a que a situación excepcional que se está a padecer, por mor da crise sanitaria xerada pola expansión do coronavirus COVID-19, dificulta de xeito desproporcionado o normal funcionamento do réxime presencial das sesións plenarias, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 2021/0774, de data 22.07.2021; sesión que se leva a cabo baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras, e para a que previamente se teñen identificado tódolos integrantes do Pleno da Corporación, atopándose todos eles en territorio español. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. José Ángel Martínez Bardanca.

Actúa como secretario, o que o é da Corporación, D. David Veiga Sierra, facéndose constar que tódolos concelleiros/as asistentes atópanse acreditados e perfectamente identificados polo que reúnen os requisitos para poder participar, mediante conexión por medios telemáticos, na presente sesión plenaria.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "AS LAGOAS".

31 s: O sr. Alcalde di que o presente asunto ven ditaminado favorablemente pola comisión informativa de benestar social e igualdade, e de seguido dá a palabra á concelleira delegada da citada área.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

59 s: A sra. Varela Bastida di que o regulamento se modificou para que non se cobre a matrícula e para poder subvencionar aos segundos e demais fillos.

1 min 20 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

3 min 36 s: O sr. Fernández Fernández manifesta que o sentido do voto do seu grupo será favorable á aprobación da modificación do regulamento dado que as modificacións son en beneficio dos usuarios.

4 min 10 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións e dado que ningún grupo municipal solicita a apertura deste segundo turno somete o asunto a votación.

Rematadas as intervencións sométese o asunto a votación, e o Concello Pleno, visto o informe emitido pola psicóloga municipal en data 14.06.2021, obrante no expediente, e tendo en conta o informe emitido polo secretario da corporación en data 14.06.2021, obrante no expediente, así como o ditame da Comisión Informativa de Benestar Social e Igualdade realiza en data 21.07.2021, por 7 votos a favor (5 PP, 2 PSOE) e 5 abstencións (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), acorda:

1.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de réxime interior de organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal As Lagoas.

2.- Que se expoña ao público a efectos de reclamacións, durante o prazo de trinta días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, no suposto de que durante o indicado prazo non se presente reclamación ningunha.

2.-EXPEDIENTE 359/2021. CALENDARIO LABORAL 2022.

4 min 38 s: O sr. Alcalde da conta da proposta que se levou á Xunta de Voceiros e pregunta se algún grupo municipal quere intervir no presente punto da orde do día. Á vista de que ningún grupo solicita intervir polo sr. Alcalde sométese o asunto a votación.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Xunta de Voceiros realizada en data 21.07.2021, por unanimidade, acorda:

1º.- Propoñer como festas locais para o ano 2022 os seguintes:

7 de xaneiro de 2022

7 de xuño de 2022, Voto de Chanteiro.

2º.- Propoñer como suplente o seguinte:

16 de xullo de 2022.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

3.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS. 2021/0701 E 2021/0757.

5 min 12 s: Polo sr. Alcalde dase conta das resolucións número 2021/0701 e 2021/0757.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se relacionan:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 2021/0701, de 30.06.2021**, sobre avocación de competencia pola Alcaldía, adxudicación do contrato do servizo de espazo infantil de xogo 2021, pola modalidade de contrato menor. Expte. 334/2021.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 2021/0757, de 16.07.2021**, sobre avocación de competencia pola Alcaldía, adxudicación do contrato do servizo de vixilancia, salvamento e asistencia na Praia da Bestarruza, pola modalidade de contrato menor. Expte. 610/2021

4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELLEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS QUE VAN DENDE A NÚM. 2021/0673 Á 2021/0771, AMBAS INCLUSIVE.

5 min 25 s: Polo sr. Alcalde dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións que van dende a número 2021/0673 á 2021/0771, ambas inclusive.


O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións núms. 2021/0673 á 2021/0771, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os, dende o anterior pleno ordinario.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

5 min 44 s: Polo sr. Alcalde dáse comezo á quenda de rogos e preguntas, e dado que polos/as señores/as concelleiros/as non se teñen formulado preguntas polo sr. Alcalde dáse a palabra a aqueles concelleiros/as que queren formular rogos, comezando os mesmos cos rogos formulados polo sr. Fernández Fernández.

6 min 01 s: Polo sr. Fernández Fernández formúlase un rogo múltiple en relación co verán, manifestando as súas queixas pola tardanza en dispoñer do servizo de socorrismo na praia e expoñendo que polo de agora tampouco se dispón do servizo





Concello de Mugarodos
(A Coruña)

de limpeza de praias e da oficina de turismo, que son servizos estes últimos que se conceden por catro meses e o verán xa vai no seu ecuador, sinalando que este retraso non se pode admitir e rogando que canto antes se poña en marcha o servizo da oficina de turismo e o de limpeza de praias. Por último, o sr. Fernández Fernández roga que se resolvan as listas de auxiliar do servizo de axuda no fogar de forma inmediata para que as empregadas do servizo de axuda a domicilio poidan desfrutar, canto antes, das vacacións ás que teñen dereito.

8 min 32 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra á sra. Ruiz del Ganso, e á vista de que non se escoita a intervención da concelleira dalle a palabra novamente ao sr. Fernández Fernández para que este formule o rogo que tiña previsto facer a concelleira.

8 min 51 s: O sr. Fernández Fernández formula un rogo referente a que se convoquen o antes posible as axudas de ensino e transporte para que estas poidan estar dispoñibles ao comezo do curso escolar.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás nove horas e dezaseis minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (video-acta) que forma parte da acta, no que á transcrición das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugarodos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<http://actasesionesdigital.smartis.es/mugarodos/visor.aspx?id=26>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):
fe99bf8deb7a27441628a680842a646b266509e80b6e75cb2eaa7dba07edb0ef

Vº e praxe
O ALCALDE

